

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: Carol Costa, Cássia Cristina, Luís Fernando Martins, Mário Martins, Natássia Vello, Rafael Garrido e Rodrigo Ceribelli

DIRECCIÓN: Circo no Ato e Roberto Magro

XÉNEROS: circo



CIRCO NO ATO

A SALTO ALTO

A COMPAÑÍA

En tres anos, o Circo no Ato consolidouse como unha das máis celebradas compañías de circo no Brasil con tres espectáculos: *Um dia de João*, con máis de 100 representacións; *FebriL*, en coprodución co Crescer e Viver, e xerado nunha residencia na Central del Circ, en Barcelona; e *A salto alto - Entre gentilezas e extermínios*, estreado en xuño do 2016.

Circo no Ato xirou por Rio de Janeiro e Brasília, percorreu cidades con pouco acceso á cultura e barrios da capital fóra do eixo Centro-Zona Sul. Participou no Festival Internacional de Circo do Rio de Janeiro, o Festival Sesc de Circo em São Paulo, o FIL - Festival Intercâmbio de Linguagens no Rio de Janeiro, o Festival Paulista de Circo, ou o Festival de Circo de Campo Mourão, entre outros. Obtiveron ademais o Prêmio Carequinha/Funarte en 2013, venceron na Mostra Competitiva de Circo do FIL en 2014 e recibiron o premio Viva a Arte!, que lles permitiu levar adiante a creación do espectáculo que traen a Galicia.

O ESPECTÁCULO

Neste espectáculo abórdase o mal da época: xógase coa posibilidade de que a vida sexa máis xogo e menos destino, camiños, medios, riscos... *A salto alto - Entre gentilezas e extermínios* é o terceiro espectáculo do Circo no Ato, resultado dun proceso de creación dun ano entre a Central del Circ en Barcelona, o Circo Crescer e Viver e a Escola Nacional de Circo. Coa dirección de Roberto Magro, o espectáculo profana a clásica historia da Cinsenta, mestura fantasía e sátira e cuestiona a busca desenfreada de bens materiais.



CULTURACTIVA